

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 24 de xullo de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte catro de xullo do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime*, *Luisa María Sánchez Méndez*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *María Nava Castro Domínguez*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romy*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta* e *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35470.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2025.

2.35471.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DA MOBILIDADE DO SEU ESTUDANTADO CON APOIO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS AOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO INTERNACIONAIS, DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO, PARTICIPANTES NO PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS E OUTRAS BOLSAS DE INTERCAMBIO (GE4, ISEP, BOLSAS EN PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS NON ERASMUS) 2025/2026 (EXPTE.2025031258)

I. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a promoción e fomento do emprego e o desenvolvemento económico da provincia en xeral, así como das diversas comarcas e concellos en particular, sendo os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos básicos e o fomento e administración dos intereses da provincia, entre eles as oportunidades de acceso a unha maior cualificación profesional das persoas mozas.



Pola súa parte, a Universidade de Vigo ten como un dos seus principais obxectivos potenciar o seu desenvolvemento socioeconómico a través da promoción de novas iniciativas e proxectos de fomento da cultura emprendedora e doutras actividades constituíndo unha das súas actividades principais a participación en programas de mobilidade nacional e internacional nos que poida participar a comunidade universitaria.

A Universidade de Vigo participa activamente en programas de mobilidade: no programa Erasmus desde a creación da Universidade de Vigo, curso 91-92, enviando e recibindo estudantes, profesorado e persoal de administración e servizos e con outros programas propios no marco dos convenios bilaterais e pola participación en redes de intercambios (ISEP, GE4).

A financiación do programa Erasmus+ varía en función do grupo de países e non cobre os gastos de estadia do estudantado. A pesar de percibir axudas adicionais pola condición de bolseiros do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, os fondos son insuficientes para financiar os gastos, motivo polo que parte do estudantado non solicita ou renuncia a realizar a estadia tras tela adxudicada.

A Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo consideran de grande importancia a posta en marcha do programa Erasmus Estudos (KA 131 en países membros da Unión Europea ou asociados ao programa) e de diversas convocatorias de intercambio internacionais (GE4, ISEP, bolsas en países extracomunitarios non Erasmus), promovendo a participación do alumnado en proxectos de mobilidade. A finalidade é a de contribuír á súa formación íntegra de cara á súa integración no mercado laboral e consideran de grande interese a colaboración mutua para favorecer a formación especializada, a actualización de coñecementos, a proxección profesional e o crecemento socio - económico do alumnado que cursan estes estudos.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 40/2015, do 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO), publicada no BOPPO número 249 de data 30 de decembro de 2016.
- Bases do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Demais normativa que resulte de aplicación.



2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS:

A Universidade de Vigo mediante solicitude presentada na sede electrónica de data 13 de maio de 2025 e rexistro de entrada núm. 2025007732, remite proposta de convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para a promoción da mobilidade internacional. Na mesma, solicitan formalmente apoio para complementar as bolsas dos estudantes que gozarán dunha bolsa de intercambio durante o curso 2025-2026, para a promoción das mobilidades entre o estudiantado da universidade e, sobre todo, para permitir a participación daqueles con menos recursos económicos.

O 5 de xuño de 2025 o Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local emite informe no que sinala que a achega económica pode concederse mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora, en virtude do artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O dito artigo establece que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Neste sentido, con esta iniciativa contribúese a fomentar e mellorar a empregabilidade e a formación dos titulados universitarios dos campus de Pontevedra e Vigo de cara á súa futura integración laboral así como, de xeito indirecto, ao desenvolvemento económico da nosa provincia. Ademais, non procede unha convocatoria pública xa que na nosa provincia só existe unha universidade pública, polo que a Universidade de Vigo (Campus Pontevedra-Vigo) é a única entidade que pode participar no programa programa Erasmus Estudos (KA 131 en países membros da Unión Europea ou asociados ao programa) e de diversas convocatorias de intercambio internacionais (GE4, ISEP, bolsas en países extracomunitarios non Erasmus).

O obxecto do convenio é o outorgamento de 100 bolsas por importe de 1.000,00 € cada unha e que servirán para completar as bolsas ao abeiro das distintas convocatorias existentes no programa Erasmus+, para a promoción da mobilidade de estudantes da convocatoria de Erasmus+ Estudos e para diversas convocatorias de intercambio internacionais, de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes.

Consta no expediente a memoria xustificando a necesidade e oportunidade, o impacto económico e orzamentario, o carácter non contractual da actividade e o cumprimento da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Nesta memoria establécese que a axuda económica que se concede á Universidade de Vigo solicitada á Deputación de Pontevedra ten un importe de 100.000,00 €. O pagamento desta cantidade realizarase do seguinte xeito: un primeiro pagamento de 60.000,00 € na data da sinatura do convenio, unha vez xustificado o inicio da execución do programa, e un segundo pagamento de 40.000,00 €, unha vez que presenten a xustificación das 100 mobilidades realizadas.

Así mesmo, consta no expediente informe xurídico no que se sinala que o convenio é correcto xuridicamente. Tamén informe favorable da Intervención de data 17 de xullo de 2025, no que se sinala que o importe total das axudas acada 100.000,00 € e imputarase con cargo á aplicación 25/240.2412.481.01, na que existe crédito para tal fin retido mediante documento R.C. núm. 2025000140601.



3. PUBLICIDADE E COMUNICACIÓNS

Existe a obrigación de remitir a información sobre este convenio ao Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas-Resolución de 2 de decembro de 2016) e de acordo co establecido na Resolución Presidencial de 3 de maio de 2017 (nº rex.2017008767).

4. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do presente convenio é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16.2 de execución do vixente orzamento Deputación de Pontevedra.

III. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acorda por unanimidade:

1.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo para a promoción da mobilidade do seu estudantado con apoio de axudas complementarias aos programas de intercambio internacionais, dos campus de Pontevedra e Vigo, participantes no programa Erasmus Estudos (KA 131 en países membros da Unión Europea ou asociados ao programa) e de diversas convocatorias de intercambio internacionais (GE4, ISEP, bolsas en países extracomunitarios non Erasmus), convocatoria 2025/2026, consistente no outorgamento de 100 bolsas por importe de 1.000,00 € cada unha, de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes, cuxo teor literal é o seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DA MOBILIDADE DO SEU ESTUDANTADO CON APOIO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS AOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO INTERNACIONAIS, DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO, PARTICIPANTES NO PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS E OUTRAS BOLSAS DE INTERCAMBIO (GE4, ISEP, BOLSAS EN PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS NON ERASMUS) 2025/2026.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Luis López Diéguez quen actúa no nome e representación da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidente do devandito organismo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

E doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019 con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.



Ante o secretario desta Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romy, que dá fe deste acto, ambas as partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra é a entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro da esfera das súas competencias, sendo os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos básicos e o fomento e administración dos intereses da provincia, entre eles as oportunidades de acceso a una maior cualificación profesional da mocidade.

2.- Que a Universidade de Vigo, creada pola Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, e como organización pública que é, está ao servizo da sociedade, constituíndo unha das súas actividades a participación en programas de mobilidade nacional e internacional nos que poida participar a comunidade universitaria.

3.- Que a Universidade de Vigo, como titular da “Erasmus Charter for Higher Education” que lle faculta para participar no programa Erasmus+, leva varios anos sendo beneficiaria de axudas neste programa. Igualmente, esta universidade realiza convocatorias de bolsas propias de intercambio internacionais.

4.- Que ambas partes, coa posta en marcha da convocatoria de mobilidade Erasmus Estudos KA131 e de diversas convocatorias de intercambio internacionais, queren promover a participación do alumnado universitario coa finalidade de contribuír á formación integral do estudantado e á súa adaptación ás esixencias do mercado laboral a escala comunitaria e extra-comunitaria. De acordo co indicado, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

Establecer as bases de colaboración entre a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora, e a Deputación Provincial de Pontevedra para o outorgamento de 100 bolsas por importe de 1.000,00 euros cada unha que servirán para completar as bolsas ao abeiro das distintas convocatorias existentes para a promoción da mobilidade do seu estudantado como axudas complementarias aos programas de intercambio internacionais, dos campus de Pontevedra e Vigo, participantes no programa Erasmus+ Estudos (KA 131 en países membros da Unión Europea ou asociados ao programa) e outras bolsas de intercambio (GE4, ISEP, bolsas en países extracomunitarios non Erasmus) para a convocatoria 2025/2026, de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes.

SEGUNDA.- Obrigas da Deputación de Pontevedra

Son obrigas da Deputación de Pontevedra:

Transferirle á Universidade de Vigo, para potenciar a mobilidade no cadro do programa Erasmus+, como complemento desas bolsas, e como complemento de bolsas propias de intercambio, a achega económica de 100.000,00 euros para o financiamento de axudas complementarias destinadas aos bolseiros/as de Erasmus+ Estudos da universidade (KA 131 en países membros da Unión Europea ou asociados ao programa) e para os bolseiros doutras bolsas de intercambio (GE4, ISEP, bolsas en países extracomunitarios non Erasmus) seleccionados nos campus de Pontevedra e Vigo.



TERCEIRA.- Obrigas do alumnado beneficiario

Son obrigas do beneficiario:

- Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar ante entidade colaboradora o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade que determine a concesión e goce da subvención, nos termos establecidos na convocatoria do programa Erasmus KA131 Estudos e nas convocatorias de mobilidade internacional que se desenvolvan dende a Universidade de Vigo.

CUARTA.- Obrigas da entidade colaboradora

Son obrigas da entidade colaboradora:

- a) Entregarlle ao alumnado beneficiario os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos no presente convenio.
- b) Comprobar, no seu caso, o cumprimento das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade que determine a concesión da subvención.
- c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante a Deputación de Pontevedra.
- d) Publicar as convocatorias para a selección de estudantes participantes nos programas de Erasmus+ Estudos (KA 131 en países membros da Unión Europea ou asociados ao programa) , así como de solicitar a financiación europea perante o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).
- e) Publicar as convocatorias das outras bolsas de intercambio: GE4, ISEP, bolsas en países extracomunitarios non Erasmus, para a selección de estudantes participantes.
- f) Asumir a organización, desenvolvemento e xustificación das actividades de mobilidade de estudantes referidas nesta cláusula.
- g) Comunicar á Deputación Provincial de Pontevedra a relación de estudantes beneficiarios, así como as contías individuais asignadas a estes ao abeiro do presente convenio de colaboración.
- h) Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para percibir subvención.

QUINTA.- Financiamento

A financiación deste convenio, que ascende a 100.000,00 euros, farase con cargo á aplicación orzamentaria 25/240.2412.481.01 do orzamento de gastos da Deputación de Pontevedra.

SEXTA.- Pagamento e xustificación

A axuda económica que se concede á Universidade de Vigo solicitada á Deputación de Pontevedra terá un importe de 100.000,00 euros, dos que 60.000,00 euros se pagarán na data da sinatura do convenio, unha vez xustificado o inicio da execución do programa, e os 40.000,00 euros restantes unha vez que presenten a xustificación das 100 mobilidades.

A Universidade de Vigo deberá xustificar perante a Deputación Provincial de Pontevedra o importe individual de cada bolsa concedida especificando o programa Erasmus+ Estudos da universidade (KA 131 en países membros da Unión Europea ou asociados ao programa) ou outras bolsas de intercambio (GE4, ISEP, bolsas en países extracomunitarios non Erasmus), mediante xustificación bancaria, o nome, apelidos e DNI, titulación e campus no que está matriculado o/a beneficiario/a, a duración da estada financiada (data de chegada e partida) e o país de destino. Esta xustificación farase unha vez aboadas todas as bolsas ao estudantado seleccionado tendo como data límite o 31 de outubro de 2026.

Así mesmo, a Universidade de Vigo deberá xustificar a financiación recibida como achega complementaria ao programa Erasmus+ perante o SEPIE.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes obríganse, coa formalización deste convenio, a facer públicos os datos relativos á achega económica outorgada por medio deste convenio.



OITAVA.- Extinción do convenio.

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das causas de resolución.

Ademais das expresadas na normativa vixente, as causas de resolución serán:

- *transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- *mutuo acordo das partes asinantes.*
- *incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.*

Neste caso, notificaráselle á parte incumpridora un requirimento para que no prazo que se sinala cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento seralle comunicado tamén á persoa responsable da comisión de seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixira notificaralle á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. O incumprimento e a resolución do convenio por esta causa poderán dar lugar á súa liquidación con obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, as súas responsabilidades, e a indemnización dos prexuízos causados no seu caso, que se aclararán, en primeira instancia, por parte da comisión de seguimento.

- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- *Por calquera outra causa que faga inviable a continuación das actuacións obxecto deste convenio, previa comunicación e tratamento por parte da comisión de seguimento.*

NOVENA.- Duración do convenio

A vixencia do convenio comezará no momento da súa sinatura ata o 30 de novembro 2026. En calquera momento antes da finalización deste prazo os asinantes do convenio poderán acordar de mutuo acordo a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción. Todo isto, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.

DÉCIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento, coordinación, vixilancia e control da execución do obxecto deste convenio, así como para a resolución de dúbidas e de conflitos que se poidan producir na súa interpretación, se creará unha comisión integrada por dúas persoas representantes de cada unha das partes, unha das cales terá carácter técnico, sen prexuízo de que se poida solicitar, de mutuo acordo, a presenza puntual doutros membros ou persoas asesoras. Esta comisión encargarase de:

- *Interpretar, supervisar e controlar o contido deste convenio.*
- *Elevar as propostas que se elaboren aos órganos competentes de ambas partes.*

Con independencia dos traballos que realice a comisión de seguimento, a Deputación Provincial de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

A comisión de seguimento se reunirá cando o seu responsable o estime convinte, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As reunións terán lugar no Pazo provincial da Deputación de Pontevedra por regra xeral. Na reunión constituinte da comisión de seguimento se designarán a persoa responsable e a ou o secretario, que redactará as actas das reunións. En defecto de acordo, o Presidente da Deputación sinalará á persoa responsable da comisión que actuará en calidade de presidenta ou presidente.

A comisión poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento interno, e a falta delas se rexerá polas normas que en materia de órganos colexiados inclúe a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (arts. 15-22).



DÉCIMA PRIMEIRA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA SEGUNDA.-Control financeiro da subvención.

A Deputación Provincial de Pontevedra, a través da Intervención, poderá someter a control financeiro esta subvención tal como se establece no artigo 44 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Este control terá por obxecto verificar:

- a) A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte do beneficiario.*
- b) O cumprimento por parte do beneficiario das obrigacións de xestión e aplicación das subvencións.*
- c) A adecuada e correcta xustificación das subvencións e a consecución dos obxectos das subvencións.*
- d) A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polo beneficiario, foron financiadas coa subvención.*
- e) A adecuada financiación das actividades subvencionadas.*
- f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por parte do beneficiario que poidan afectar a correcta obtención, utilización, desfrute ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.*

Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio remitiráselle ao Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución, de 2 de decembro de 2016).

DÉCIMA TERCEIRA.- Réxime xurídico.

De conformidade co artigo 48, apartado 7, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), o presente convenio, dado o seu carácter instrumental dunha subvención, rexerase polo previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, será de aplicación a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación en materia de réxime local, así como as Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025 e as restantes normas de dereito administrativo, sendo aplicables, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Este convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes mais alá das cláusulas recollidas no mesmo, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento. As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non se puideran resolver a través da comisión de seguimento, acordan o sometemento deste convenio ao orde xudicial contencioso-administrativo e expresamente aos xulgados do Contencioso de Pontevedra.

DÉCIMA CUARTA.- Protección de datos

As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP), pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e polas demais normas de desenvolvemento. que resulten aplicables.



Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incurso.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se unha solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXPDP, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

Sen prexuízo do anterior, os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que se deriven da aplicación e cumprimento da normativa estatal e autonómica de transparencia e acceso á información pública aplicable a ambas partes.

Baixo os termos referenciados e en proba de conformidade, asinan e rubrican as partes este convenio.”

2.- Facultar ao Presidente para a formalización do mencionado convenio, mediante a súa sinatura.

3.- Notificar este acordo ás partes interesadas.

3.35472.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA
PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO
PARA O ANO 2025 (EXPT.2024083217)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2025, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 33, de 18 de febreiro de 2025.

A Deputación Provincial, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo, promove esta liña de subvencións destinadas á edición en formato papel e a edicións audiovisuais, mixtas e noutros formatos especiais que se editen en galego normativo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizou de oficio cantas actuacións se estimaron necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, examinando as solicitudes e a documentación presentadas, requirindo ás entidades solicitantes a emenda de defectos ou omisións observadas.

Con data 10 de xullo de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico remite a Intervención a relación de todos os expedientes de solicitude presentados, xunto co informe-proposta de concesión de subvencións, para a súa fiscalización (CSV: IGCQCZFJ80MXG5C5).



Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítese polo Servizo de Intervención, con data 16 de xullo de 2025, informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 100.000,00 euros, con cargo á aplicación 25/332.3322.789.00 do vixente Orzamento provincial (CSV:VV5FGOK96NIO71TY)

Reunida a Comisión de Valoración constituída para tal fin, con data 17 de xullo de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa das características dos traballos presentados e das valoracións efectuadas seguindo os criterios sinalados na base décimo terceira das bases reguladoras da convocatoria. Procédese á revisión e aceptación das valoracións realizadas, admitíndose favorablemente un total de 24 solicitudes presentadas en tempo e forma, que cumpren con cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística
- Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De acordo co disposto no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Deputación de Pontevedra ten entre as súas competencias fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia, que poderá materializarse mediante accións que teñan por obxecto estudar, divulgar, exaltar ou poñer en valor o seu patrimonio cultural material ou inmaterial.



No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establécese que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario.

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Así mesmo, na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, recóllese que as corporacións locais ditarán as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.

No artigo 10 da Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno provincial o 23 de maio de 1989, establécese que, “con carácter xeral, as publicacións editadas pola Deputación, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realízanse en lingua galega”.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión de subvencións para edicións ás 24 solicitudes que figuran na relación co CSV:INHLCGO93GSZZEKJ que se citan a continuación:

Exped.	NIF/CIF	Asociación	Obxecto subvención	Presuposto	Solicitud	Valor. Asignado	%
2025016981	G94176575	ASOC CULTURAL E ARTISTICA OS CONTENTOS	Audivisual "Os serán do Verdugo-Oitavén"	2.940,30 €	2.058,21 €	50	2.058,21 € 70,00
2025010243	G36361434	ASOC AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	Publicación "Manual de obradoiros educativos IV"	5.200,00 €	3.500,00 €	57	3.500,00 € 67,31
2025011985	G94155298	ASOCIACION CULTURAL COLECTIVO ESPAZO 16	Publicación "A arquitectura do millo"	5.000,00 €	3.500,00 €	56	3.500,00 € 70,00
2025010217	G36585214	ASOC O FAIADO DA MEMORIA	Publicación e audiovisual "Vida Salnés"	2.867,00 €	2.006,90 €	66	2.006,90 € 70,00
2025018291	G94153053	ASOCI.PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL	Edición especial "Arquitectura e benestar"	8.700,00 €	6.090,00 €	58	6.090,00 € 70,00
2025018577	G94180213	ASOCIACIÓN ASEMMO MOAÑA	Publicación e audiovisual "Castelao e o linogravado: a revolución gráfica en Galicia"	14.350,60 €	8.000,00 €	54	8.000,00 € 55,75
2025015052	G36537231	ASOC CULTURAL O TORREIRO DE FORZANS	Publicación "Forzáns: Terra de petróglifos, castros, pazos e afouteza"	3.484,80 €	2.439,36 €	50	2.439,36 € 70,00
2025016995	G94081809	ASOCIACION MUSICAL CULTURAL TIRANTE	Publicación "Patrimonio fluvial na ribeira do río Miño"	5.000,00 €	3.500,00 €	63	3.500,00 € 70,00
2025018303	G16684367	FUNDACION BRETAL	Publicación do catálogo da exposición "Un mosteiro, un mar de historias"	12.715,00 €	3.500,00 €	60	3.500,00 € 27,53
2025013693	G36410967	ASOC ETNOGRAFICA DE CODESEDA	Audivisual "O liño en Galicia, unha tradición artesanal esquecida"	8.591,00 €	6.000,00 €	53	6.000,00 € 69,84
2025014028	G36774578	ASOCIACION FOLCLORICA GAITEIROS DA XISTRA	Publicación e audiovisual "Proxecto Soutullo: gaiteiros de Pontearreas anteriores a 1950"	4.679,35 €	3.000,00 €	55	3.000,00 € 64,11
2025018235	G16409831	ASOCIACION CULTURAL ENTROIDO DE AGUASANTAS	Publicación e audiovisual "O regreso da Momada"	11.434,50 €	8.000,00 €	59	8.000,00 € 69,96
2025017519	G70747472	ASOC SE CHOVE QUE CHOVA DE CAMBADOS	Publicación e audiovisual "Polisemias sonoras, 1ª Edición"	11.500,00 €	7.800,00 €	54	7.800,00 € 67,83
2025017524	G36482347	ASOC GALEGA DE PERCUTAS OMAR	Publicación e audiovisual "A batucada galega Vol. III, o novo patrimonio pontevedrés"	9.900,00 €	6.831,00 €	50	6.831,00 € 69,00
2025015079	G27745397	FUNDACION PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	Publicación "O mar a raías. Raspiña, Shu e a carpintería de ribeira"	4.537,50 €	3.176,25 €	56	3.176,25 € 70,00
2025015117	G36624120	ASOCIACION APAMP	Publicación "A caixa de Vivindo"	1.865,41 €	1.305,79 €	52	1.305,79 € 70,00
2025017565	G36907244	FUNDACION CARLOS CASARES	Publicación "Carlos Casares e a evolución na normalización do galego"	5.049,00 €	3.500,00 €	53	3.500,00 € 69,32
2025017977	G27877703	ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	Audivisual "Catoira. Gardiáns do Ulla"	8.500,00 €	5.900,00 €	50	5.900,00 € 69,41
2025018072	G36018893	CENTRO SOCIAL CULTURAL E DEPORTIVO AS PEDRIÑAS	Publicación "Tameiga: O agromar da memoria"	3.960,00 €	2.772,00 €	51	2.772,00 € 70,00
2025016416	G36487072	ASOC CULTURAL ALECRIN DE RIBADUMIA	Audivisual "A Ponte dos Padriños"	4.821,99 €	3.375,40 €	50	3.375,40 € 70,00
2025018823	G36525673	ASOC RECREATIVO CULTURAL REPICHOCA	Publicación "Feito a man. Unha viaxe polos oficios tradicionais de Galicia"	5.000,00 €	3.500,00 €	61	3.500,00 € 70,00
2025013547	G56261738	ASOCIACION O EIDO DO CERVO	Audivisual "Cervos na pedra: pegadas dun pasado vivo"	9.498,50 €	6.000,00 €	57	6.000,00 € 63,17
2025013231	G15220577	ASOCIACIÓN GALLEGA DE HEMOFILIA	Publicación "Convivir coas coagulopatías: Cuadernillo formativo para centros educativos"	1.169,34 €	818,54 €	50	818,54 € 70,00
2025015941	G36031292	ASOC CULTURAL DORNA	Publicación "Do Campelo a Carreirón: guía da toponimia da Illa de Arousa"	3.660,20 €	2.562,14 €	61	2.562,14 € 70,00



- Excluir deste programa as 15 solicitudes que figuran na relación co CSV: I3FM7BX8PTU3ZSD9 que se citan a continuación:

EXPEDIENTE	CIF	ENTIDADE	ASUNTO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
2025018034	G32423063	Sociedade Antropolóxica Galega	Publicación e audiovisual "Guía do patrimonio arqueolóxico de San Martiño de Salcedo"	Solicitude fóra de prazo
2025015926	G09955667	Boadiceta Editora	Publicación "Trickstar. Postais desde as estrelas"	Desistencia da solicitude presentada
2025015927	G09955667	Boadiceta Editora	Publicación "Gardás! Gardás!"	Desistencia da solicitude presentada
2025015928	G09955667	Boadiceta Editora	Publicación "Homes de armas"	Desistencia da solicitude presentada
2025015929	G09955667	Boadiceta Editora	Publicación "Pés de barro"	Desistencia da solicitude presentada
2025015930	G09955667	Boadiceta Editora	Publicación "Salem's Lot"	Desistencia da solicitude presentada
2025015931	G09955667	Boadiceta Editora	Publicación "Dormen baixo terra"	Desistencia da solicitude presentada
2025015932	G09955667	Boadiceta Editora	Publicación "Historias de terramar V. O outro vento"	Desistencia da solicitude presentada
2025015935	G09955667	Boadiceta Editora	Publicación "As ánimas do Samain"	Desistencia da solicitude presentada
2025015936	G09955667	Boadiceta Editora	Publicación "A princesa de ouro"	Desistencia da solicitude presentada
2025018014	G94052214	Asociación Cultural Polavila de Pontevedra	Audiovisual "A grandeza do espírito"	Falta de documentación requirida
2025016972	G36057347	Asociación Cultural Recreativa Casino de Vilasobroso	Publicación e audiovisual "O Casino de Vilasobroso, cara un novo centenario"	Falta de documentación requirida
2025017560	G36472306	Asociación Recreativa e Cultural Sueste	Publicación da revista de cultura marítima "Sueste"	Non acadada puntuación mínima
2025016395	G44756930	Asociación Chambró Libris	Publicación da revista "Chambo libris"	Non acadada puntuación mínima
2025018840	G56389547	Asociación Xuvenil Mómaro	Audiovisual "Catarsis Alpha"	Non acadada puntuación mínima

4.35473.-

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CUNTIS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA PARA O INVESTIMENTO "BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE PISCINAS MUNICIPAIS DESCUBERTAS E EDIFICIO POLIVALENTE" (EXPTE.2025045532)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 07/03/2025 o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, por acordo número 3.8370, aproba a concesión dunha subvención ao concello de CUNTIS que importa 500.000,00 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “BASICO E DE EXECUCIÓN DE PISCINAS MUNICIPAIS DESCUBERTAS E EDIFICIO POLIVALENTE” (exp: 2024077060) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA, cun orzamento que ascende a 652.762,94 euros, sendo a achega municipal de 152.762,94 euros, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN- PLAN EXTRA	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
652.762,94	500.000,00	0,00	152.762,94

- En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025024958, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de CUNTIS* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 312.952,20 euros, co obxecto do financiamento da actuación “MELLORA DO FIRME EN VIAIS MUNICIPAIS EN CUNTIS- PLAN MAIS PROVINCIA 2025”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- En data 16/06/2025 o concello de CUNTIS presenta instancia con número de rexistro WEB2025045829 na que transmite a necesidade urxente de dispor de crédito suficiente para levar a cabo a construción das novas piscinas municipais en base a orde de execución do Xulgado Contencioso administrativo nº 2 de Pontevedra pola que o concello debe entre outras cuestións trasladar as actuais piscinas municipais a outra localización para dar cumprimento ao establecido no convenio urbanístico “Zona Termal” aprobado polo pleno municipal.
- O concello de CUNTIS en data 16/06/2025, mediante rexistro WEB2025045829, WEB2025045839 e WEB2025045841, manifesta a necesidade de desistir á solicitude inicial e reformular a súa solicitude de subvención por menos importe da actuación “MELLORA DO FIRME EN VIAIS MUNICIPAIS EN CUNTIS-PLAN + PROVINCIA 2025” coa intención de que o crédito sexa suficiente para poder dar resposta a esa necesidade urxente de financiación da achega municipal da actuación encadrada dentro do Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra) denominada “BASICO E DE EXECUCION DE PISCINAS MUNICIPAIS DESCUBERTAS E EDIFICIO POLIVALENTE”
- Neste contexto, en base o antedito, o concello de CUNTIS en data 16/06/2025, mediante rexistro WEB2025045841, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, presenta petición na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 152.762,94 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra) do investimento “BASICO E DE EXECUCIÓN DE PISCINAS MUNICIPAIS DESCUBERTAS E EDIFICIO POLIVALENTE”, cuxo orzamento ascende a 652.762,94 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	PLAN PROVINCIA EXTRAOR. (PLAN EXTRA)
2025	652.762,94€	152.762,94€	0,00	500.000,00



- A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2025, figurando no expediente a documentación requirida.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, ademais os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans deben axustarse aos contemplados nas bases para os investimentos incluídos na liña 1 do Plan + Provincia 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/06/2025, e do xefe do servizo de Cooperación de data 17/06/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/06/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Cuntis*, CIF: P3601500F, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investimentos, por importe de 152.762,94 euros co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “BASICO E DE EXECUCIÓN DE PISCINAS MUNICIPAIS DESCUBERTAS E EDIFICIO POLIVALENTE” (exp.: 2025045532), cuxo orzamento ascende 652.762,94 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	PLAN PROVINCIA EXTRAOR. - PLAN EXTRA
2025	652.762,94€	152.762,94€	0,00	500.000,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cuntis*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.35474.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RODEIRO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFLÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ” (EXPTE.2025019907)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 31/03/2025, mediante rexistro WEB2025023677, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de RODEIRO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 463.753,93 euros, co obxecto do financiamento do investimento “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFLÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ”, cuxo orzamento ascende 498.827,77 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
498.827,77 €	463.753,93 €	0,00 €	35.073,84 €

O orzamento contempla honorarios de redacción do proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde por importe total de 35.073,84 euros

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.



Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización da Consellería do Medio Rural, de Patrimonio Cultural, de Patrimonio Natural, das administracións titulares das estradas EP_6204 e PO-533, e título habilitante emitido por Augas de Galicia. Consta no expediente autorización do Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e declaración responsable ante Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 01/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 09/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Rodeiro* (CIF:P3604700I), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 463.753,93 euros co obxecto do financiamento do investimento “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ” (exp: 2025019907), cuxo orzamento ascende 498.827,77 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
498.827,77€	463.753,93€	0,00€	35.073,84€



O orzamento contempla honorarios de redacción do proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde por importe total de 35.073,84 euros

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da Consellería do Medio Rural, de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, da Axencia Galega de Infraestruturas e da Deputación Provincial de Pontevedra, así como a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Rodeiro*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.35475.- CAMBIO DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚMERO 4.35057 DO DÍA 11 DE ABRIL DE 2025, POLO QUE SE CONCEDE AO CONCELLO DE AGOLADA, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 INVESTIMENTOS, UNHA SUBVENCIÓN CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO-PISTA EN BERREDO, BUXAN” (EXPTE.2025017599)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

En data 11/04/2025, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.35057, concedeuse ao *concello de AGOLADA*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 277.086,89 euros, con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO-PISTA EN BERREDO, BUXAN, CABANELAS, CARMOEGA, SAN PAIO, SAN MIGUEL Y TRABANCAS” (expte. 2025017599), en base a un orzamento polo importe de 277.086,89 euros, correspondendo 257.424,39 euros á execución de obra e 19.662,50 euros ós honorarios técnicos, tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
277.086,89	277.086,89	0,00	0,00



En data 02/07/2025 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2025049586, instancia do *Concello de Agolada* na que solicita o cambio de proxecto para levar a cabo o investimento mencionado *ut supra*.

O *Concello* expón que tras revisar o importe asignado no orzamento da memoria técnica ás partidas de xestión de residuos incluídas en cada un dos 7 capítulos, o técnico decide aumentar o importe destinado á xestión de residuos ao considerar que as cantidades asignadas inicialmente son insuficientes. A súa vez, o concello decide minorar os honorarios técnicos na mesma contía.

Este cambio afectaría á distribución do orzamento pero non afecta o importe do orzamento total que permanece invariable en 277.086,89 euros dado que a execución de obra se incrementa na mesma contía en que se reducen os honorarios técnicos.

En base o antedito o orzamento de 277.086,89 euros agora contemplaría 258.936,89 euros de execución de obra e 18.150,00 euros de honorarios técnicos.

A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo do servizo de Cooperación cos Municipios de data 08/07/2025

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que sinala que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, antes de que se inicie a licitación do proxecto da actuación subvencionada e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 08/07/2025 e do xefe do servizo de Cooperación de data 14/07/2025 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 14/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio do proxecto técnico que figura no expediente núm. 2025017599 polo novo documento técnico, presentado en data 02/07/2025 co rexistro de entrada WEB2025049586, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno número 4.35057 do día 11 de abril de 2025, polo que se concede ao *Concello de Agolada*, CIF: P3602000F, a cantidade de 277.086,89 euros con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO- PISTA EN BERREDO, BUXAN” (exp.: 2025017599), en base a un orzamento polo mesmo importe. O orzamento de 277.086,89 euros contempla 258.936,89 euros de execución de obra e 18.150,00 euros de honorarios técnicos.



- O proxecto técnico modificado afecta á distribución do seu orzamento pero non implica a variación do importe total do seu orzamento inicial, non altera o importe da subvención outorgada e co mesmo entendese que non se prexudican dereitos de terceiros.
- O resto do texto do acordo Xunta de Goberno número 4.35057 do día 11/04/2025, permanece invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Agolada*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.

7.35476.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN ANO 2025 (EXPTE.2025032340)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/04/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “*Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 1 - ZONA NORTE, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 9,130%.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 27/09/2024 acordou aprobar a segunda prórroga do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025”, para o contrato do lote 1 será con efectos do día 4 de novembro de 2024 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2024, polo período dun ano.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 1 (Zona Norte) quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Lalín, Dozón, Rodeiro, Agolada, Vila de Cruces, Silleda, A Estrada, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Caldas de Reis, Cuntis, Valga, Pontecesures e Catoira, onde se realizarán as obras de execución de cunetas de seguridade, colocación de tubaxes para drenaxe, sinalización horizontal, execución de arquetas e recrecido de pozos.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez, memoria valorada, para a execución do “Contrato baseado Lote 1do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra 2025”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 664.853,49 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): M5NM34EHSLZURP32.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o Contrato baseado Lote 1/2023 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra".

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento ARC nº 12025000109295, por importe de 664.125,49 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/1.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: HQH6QR7INNO1QUSA informe a xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: *"...infórmase favorablemente o expediente..."*

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestións relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regule as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de *"Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025"* formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): M5NM34EHSLZURP32.
2. Autorizar o gasto por importe de 664.853,49 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/1.



3. Adxudicar Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de “*Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025*” á empresa *EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.*, (CIF B15410608) por importe de 665.125,49 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	549.465,69 €
IVE (21 %).....	115.387,80 €
Importe total.....	664.853,49 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025032340.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir á empresa *Explotaciones Gallegas, S.L.*, para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 27.473,28 €.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.



8.35477.-

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 2 DO ACORDO
MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA
DEPUTACIÓN ANO 2025 (EXPTE.2025042244)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/04/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 2 – ZONA CENTRO, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á UTE NAROM S.L.-AUDECA, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 7,970%.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 27/09/2024 acordou aprobar a segunda prórroga do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, para o contrato do lote 1 será con efectos do día 4 de novembro de 2024 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2024, polo período dun ano.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 2 (Zona Centro) quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Pontevedra, Vilaboa, Ponte Caldelas, A Lama, Cerdedo-Cotobade, Barro, Poio, Cangas, Moaña, Marín, Bueu, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Redondela, Soutomaior, Caldas de Reis, Portas, Moraña, Campo Lameiro, Cuntis, Cambados, O Grove, Sanxenxo, Meaño, Meis, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Illa de Arousa, onde se realizarán as obras de execución de cunetas de seguridade, colocación de tubaxes para drenaxe, sinalización horizontal, execución de arquetas e recrecido de pozos.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 738.122,47 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): 1JVIIDRP8QAG3HOG.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025.



Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024, dentro do proxecto de gastos código 2021053554/2, existe crédito autorizado, por un importe total de 738.122,47 €, para facer fronte a este gasto (Doc. ARC nº 12025000109296).

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: LQFBK34M9VW3TX7 informe a xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestións relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto para a execución do Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de “*Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025*” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): 1JVIIDRP8QAG3HOG.
2. Autorizar o gasto por importe de 738.122,47 € IVE incluído con cargo á aplicación 25/456.4530.612.01.2024, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/2.
3. Adxudicar o Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de “*Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025*” á UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L., (CIF U72478480) por importe de 738.122,47 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	610.018,57 €
IVE (21 %).....	128.103,90 €
Importe total.....	738.122,47 €



O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025042244.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requerir á UTE Narom, S.L.- Audeca, S.L., para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 30.500,93€.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.

9.35478.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 3 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN ANO 2025 (EXPTE.2025032345)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/04/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 3 – ZONA SUR, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L, a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 8,100%.



Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 27/09/2024 acordou aprobar a segunda prórroga do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, para o contrato do lote 1 será con efectos do día 4 de novembro de 2024 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2024, polo período dun ano.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 3 (Zona Sur) quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, O Porriño, Salceda de Caselas, Mos, Pazos de Borbén, Redondela, Tui, Tomiño, Oia, O Rosal, Pontearas, Salvaterra do Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneiro, A Cañiza, Covelo, Arbo e Crecente, onde se realizarán as obras de execución de cunetas de seguridade, colocación de tubaxes para drenaxe, sinalización horizontal, execución de arquetas e recrecido de pozos.

Resultando.-Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 595.968,55 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): SE9FVYAJCONMZY44.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento Doc. ARC nº 12025000109297., por importe de 595.968,55 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: VCXEKB8YO4K1W1PX informe de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestións relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado Lote 3 do acordo marco de “*Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025*” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, máis a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): SE9FVYAJCONMZY44.
2. Autorizar o gasto por importe de 595.968,55 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/3.
3. Adxudicar Contrato derivado Lote 3 do “*Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025*” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (CIF B36258861) por importe de 595.968,55 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	492.538,99 €
IVE (21 %).....	103.432,56 €
Importe total.....	595.968,55 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025032345.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a *Construcciones Fechi, S.L.*, para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía complementaria por importe de 24.626,95 €
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Maria Elena Pérez Alonso.

10.35479.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN, (CIF: G15597669), PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO NA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS DE PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE.2022058144)

Na sesión ordinaria do día 5 de maio de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Prestación do servizo na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra* a empresa Fundación de Estudios e Analises-Fesan (CIF: G15597669) polos seguintes prezos e valores ofertados:

- a. Prezo ofertado para dúas anualidades:

Prezo sen o IVE:	539.832,00 €
IVE*:	0,00 €
Prezo total ofertado:	539.832,00 €

(*) A prestación deste servizo está exenta de IVE (art. 20. 1.º Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor incluído)



O contrato formalizouse en documento administrativo de data 06 de xuño de 2023 e o prazo de duración é de dous anos a partir do 1 de setembro do 2023.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 5 de xullo de 2024, adoptou, entre outros o acordo de modificación do contrato que rexe a prestación do “*Prestación do servizo na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra a empresa*”, subscrito coa empresa Fundación de Estudios e Analises. (NIF: G15597669), debido ao incremento dunha aula respecto ás sete contempladas inicialmente, polo importe de 36.776,91 €.

Con data 1 de xullo de 2025 a xefatura de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe, coa conformidade da Deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 28 de maio de 2025, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 3 de xullo do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito número de operación 12025000125968, polo importe de 102.230,97 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/232.2312.227.99 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2025, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 12025000125969, polo importe de 204.461,94 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/232.2312.227.99 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026, quedando condicionado o gasto á aprobación definitiva do seu orzamento e existencia de crédito adecuado e suficiente.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 14 de xullo do 2025, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Prestación do servizo na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra”, por 1 ano, desde 1 de setembro de 2025 ao 31 de agosto de 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de setembro de 2025.”



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a primeira prórroga do contrato do servizo “*Prestación do servizo na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” subscrito coa empresa Fundación de Estudios e Analises-Fesan (CIF: G15597669), durante o período 01 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/232.2312.227.99 (01/09 ao 31/12)	102.230,97 €
2026	26/232.2312.227.99 (01/01 ao 31/08)	204.461,94 €

O importe de gasto correspondente á anualidade 2026 quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2026 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

11.35480.- AUTORIZAR A PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO DE INFORMACIÓN PREVIA PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE INSTALACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DE VARIAS INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA CON ALMACENAMENTO PARA AUTOCONSUMO, CORRESPONDENTES AOS EXPEDIENTES DE AXUDA CON NÚMERO PRRENOINN2024-000360, PR-RENOINN2024-000362, PR-RENOINN2024-000364, PRRENOINN2024-000142 E PR-RENOINN2024-000245, AO AMPARO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO, ASÍ COMO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS) IMPULSADA POLO IDAE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (EXPTE.2025050635)

O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en diante, IDAE), pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras).



Neste marco de colaboración, o 10 de outubro 2024, mediante sede electrónica desde a Deputación de Pontevedra informouse os concellos da intención da institución provincial en participar no programa enerxías renovables innovadoras. Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica, entre outras, as solicitudes de participación de 38 concellos.

En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE os seguintes proxectos: PRRENOINN2024-000360, PRRENOINN2024-000362, PRRENOINN2024-000364, PRRENOINN2024-000142 e PRRENOINN2024-000245.

O obxecto dos proxectos consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa consecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.

Tras a súa avaliación, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admiten as 5 solicitudes, e propóñense a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU sendo aceptada pola Deputación con data 07/07/2025.

Considerando ou disposto non art. 134 da Lei de Contratos do Sector Público que establece que os órganos de contratación poderán publicar un anuncio de información previa ó fin de dar a coñecer as características esenciais dos contratos de obras, subministros ou servizos suxeitos a regulación harmonizada que teñan proxectado adxudicar nos 12 meses seguintes.

A vista do exposto con data 09/07/2025 o Xefe do Servizo de cooperación solicita a publicación dun anuncio de información previa co seguinte contido:

Obxecto do contrato: Contratación dos traballos de instalación e posta en funcionamento de varias instalacións de enerxía solar fotovoltaica con almacenamento para autoconsumo, correspondentes aos expedientes de axuda con número PRRENOINN2024-000360, PRRENOINN2024-000362, PRRENOINN2024-000364, PRRENOINN2024-000142 E PRRENOINN2024-000245, ao amparo da primeira convocatoria do Programa de Incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) impulsada polo Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU, que comprende as seguintes actuacións:

LOTE	EXPEDIENTE	NOME DO PROXECTO	CONCELLOS	IMPORTE MÁXIMO (sen IVE)	IMPORTE MÁXIMO (con IVE)
LOTE 1	PR-RENOINN-2024-000360	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES I	Pazos de Borbén , CerdedoCotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo, Valga	699.084,02 €	845.891,66 €



LOTE 2	PR- RENOINN- 2024-000362	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES II	Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro, As Neves	780.403,90 €	944.288,72 €
LOTE 3	PR- RENOINN- 2024-000364	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES III	Mondariz Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza , Fornelos de Montes, Dozón, Bueu, Sanxenxo	719.024,96 €	870.020,20 €
LOTE 4	PR- RENOINN- 2024-000142	CONCELLOS +RENOVABLES I	Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearreas, Tui, Marín	628.552,54 €	760.548,58 €
LOTE 5	PR- RENOINN- 2024-000245	CONCELLOS +RENOVABLES II	Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda , Vilaboa	538.080,13 €	651.076,96 €
TOTAIS				3.365.145,55 €	4.071.826,12 €

Códigos CPV :

- 09330000- Enerxía solar
- 09331000- Placas solares
- 09331200- Módulos solares fotovoltaicos
- 09332000- Instalación solar
- 31400000- Acumuladores, pilas e baterías de pilas.
- 31434000 - Acumuladores de litio.
- 31440000 - Baterías.
- 45300000 - Traballos de instalación en edificios
- 45310000 - Traballos de instalación eléctrica
- 45315600 - Instalacións de baixa tensión
- 45261215 - Revestimiento de cubertas con placas solares

Tipo contrato : Mixto que comprende prestacións de subministración e de obra sendo a prestación principal a de subministración.

O contrato atendendo ao carácter da prestación principal e considerando o seu valor estimado atópase suxeito a regulación harmonizada e por conseguinte a publicación do referido anuncio previo permitirá reducir os prazos para a presentación de proposicións no procedemento de licitación sendo este de 15 días.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dous gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Autorizar a publicación dun anuncio de información previa co fin de dar a coñecer o contrato proxectado para a instalación e posta en funcionamento de varias instalacións de enerxía solar fotovoltaica con almacenamento para autoconsumo, correspondentes aos expedientes de axuda con número PR-RENOINN2024-000360, PR-RENOINN2024-000362, PR-RENOINN2024-000364, PR-RENOINN2024-000142 E PR-RENOINN2024-000245, ao amparo da primeira convocatoria do Programa de Incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS) impulsada polo do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU., que comprende as seguintes actuacións divididas en cinco lotes:

LOTE	EXPEDIENTE	NOME DO PROXECTO	CONCELLOS	IMPORTE MÁXIMO (sen IVE)	IMPORTE MÁXIMO (con IVE)
LOTE 1	PR-RENOINN-2024-000360	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES I	Pazos de Borbén , Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo, Valga	699.084,02 €	845.891,66 €
LOTE 2	PR-RENOINN-2024-000362	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES II	Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro, As Neves	780.403,90 €	944.288,72 €
LOTE 3	PR-RENOINN-2024-000364	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES III	Mondariz Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu, Sanxenxo	719.024,96 €	870.020,20 €
LOTE 4	PR-RENOINN-2024-000142	CONCELLOS +RENOVABLES I	Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearreas, Tui, Marín	628.552,54 €	760.548,58 €
LOTE 5	PR-RENOINN-2024-000245	CONCELLOS +RENOVABLES II	Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda , Vilaboia	538.080,13 €	651.076,96 €
TOTAIS				3.365.145,55 €	4.071.826,12 €



Dito anuncio será publicado no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra.

O período cuberto polo anuncio de información previa será dun máximo de 12 meses a contar desde a data de envío do anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

12.35481.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES.
2025051906, 2025051300, 2025050853, 2025051617)

a) Vista a relación de operacións con número 2025051906 (CSV: 53BH8MW344IY74SH), que contén 2 operacións por un importe de 248,47 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	248,47€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	248,47€

b) Vista a relación de operacións con número 2025051300 (CSV: 5Z0RJ1QB92LNPCG7), que contén 2 operacións por un importe de 1.488,30 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	1.488,30 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	1.488,30 €

c) Vista a relación de operacións con número 2025050853 (CSV: 5R6WI9Q6Z59IW5NV), que contén 8 operacións por un importe de 9.226,18€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	9.226,18€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	9.226,18€



d) Vista a relación de operacións con número 2025051617 (CSV: 5HXK9Q4T3TFWYECC), que contén 1 operación por un importe de 168,59 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	168,59€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	168,59

13.35482.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VIVENDA NO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA (EXPTE.2024006523)

Dada conta que con data de rexistro 04/01/2024 (rex. núm. 2024000236), o Concello de A Illa de Arousa trasladou a esta Deputación solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Gabriel Lorenzo Salgueiro, por danos no lacado dunha persiana da súa vivenda, sita no nº 40 da Avenida Castelao do citado Concello, producidos, segundo manifesta, polas salpicaduras ocasionadas a consecuencia das limpeza da calzada con máquina de presión, realizadas a última semana de marzo do 2023, durante a execución das obras de “Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. E.P. 9803”, e que non foi cuantificada economicamente.

Resultando.- Que manifesta o reclamante na instancia o seguinte:

“Que durante o transcurso das obras realizadas na Avenida Castelao leváronse a cabo varias limpeza da calzada cunha máquina de presión (tipo Karcher) por parte dos operarios da empresa encargada da obra (CIVIS GLOBAL S.L.U.).

Como resultado de ditas limpeza a presión, pequenas partículas da obra impactaron contra a miña fachada, provocando danos e adherencias. Notificóuselle a incidencia inmediatamente ao operario e ó encargado de obra.

A empresa procedeu a limpar todo o posible as adherencias cun líquido que eles traían. As adherencias puideron finalmente quitarse das partes metálicas da fachada pero non así da persiana que resulton danada polo impactos perdendo anacos do seu lacado e presentando actualmente o aspecto que se pode ver nas fotografías que adxunto con pequenas faltas de pintura e pequenos golpes.

Poden pasar a comprobar os desperfectos ocasionados na miña vivenda sita na Avenida Castelao nº 40.

Volveuse falar novamente coa empresa o venres día 21 de abril, dito día eliminaron todo o posible as adherencias pero non puideron arranxar os impactos na persiana.



Solicito a reposición dos danos materiais ocasionados pola obra.



Resultando.- Que con data 26/02/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 29/02/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO. - A vivenda onde se produciron os supostos danos localízase na Avenida Castela, situada na EP.9803 EMBARCADOIRO – CENTRO.

Tras rematar nesa estrada as obras de “URBANIZACION E RECUPERACION DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA CASTELA. EP9803”, a empresa adxudicataria (CIVIS GLOBAL, S.L.) realizou unha limpeza integral do ámbito da obra, co fin de ter todo en perfecto estado para poder así realizar a acta de recepción da obra por parte do representante da administración pública promotora da mesma (Deputación de Pontevedra).

SEGUNDO.- Consultados ao encargado e ao xefe de obra da empresa adxudicataria (CIVIS GLOBAL, S.L.) co fin de poder realizar o informe solicitado por parte do Servizo de Asesoría Xurídica, indican que o día da limpeza da rúa se produciron pequenos saltos de material á fachada da vivenda, procedendo unha vez se lle notificou por parte do propietario a limpar todo e deixalo en perfecto estado, sen producir ningún tipo de danos á persiana comentada, atopándose no momento da limpeza xa con pequenos desperfectos no lacado da mesma, indicándolle ao propietario que todo o dano feito pola empresa se lle solucionaríase e limparíase, tal e como fixeron, pero que os desperfectos xa existentes antes da actuación non se lle ían reparar.

TERCEIRO.- Á Dirección Facultativa das obras non lle chegou ningún tipo de información con respecto a estes supostos danos producidos durante a execución das obras, tendo numerosas conversacións durante a execución das mesmas tanto co encargado e xefe de obra da empresa adxudicataria como con diferentes responsables do Concello de A Illa de Arousa, pero sen indicar este asunto en ningunha das diferentes conversacións onde se trataron diferentes problemas xurdidos durante as obras, considerando en todo momento a empresa adxudicataria que a pequena incidencia quedou arranxada ó limpar as salpicaduras causadas polos pequenos saltos de material á fachada da vivenda, non indicando este asunto ao Director das obras ó considerar que os desperfectos da persiana xa existían antes da obra e non lle correspondía a eles a súa reparación.

*O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e Director das obras da Avenida
Castela, D. Jaime David Ruibal de Sola*

Resultando.- Que con data 05/03/2024, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais acerca das datas nas que se realizou a limpeza integral do ámbito da obra pola empresa adxudicataria, Civil Global, emitindo o mesmo na data 08/03/2024, co seguinte contido:

A obra de “URBANIZACION E RECUPERACION DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA CASTELA. EP9803”, realizada pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L., rematouse a finais do mes de marzo do 2023, realizando a limpeza integral do ámbito da obra a última semana do mes, co fin de deixar todo en perfecto estado e listo para o uso público.

*O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e Director das obras da Avenida
Castela, D. Jaime David Ruibal de Sola*



Resultando.- Que con data 03/04/2024, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse á empresa adxudicataria Civis Global, S.L. para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, sendo reiterado o citado emprazamento, ante a ausencia de resposta, na data 22/05/2024.

Resultando.- Que, a medio de chamada telefónica, recibida na data 29/05/2024, D. Pablo J. Fernández de Civis Global, solicita a remisión do expediente instruído ao efecto de realizar as alegacións pertinentes, presentando escrito asinado polo Director de obra civil, D. Fidel Fernández Mosquera, na data 31/05/2024, co seguinte contido:

*Por la presente, yo Fidel Fernández Mosquera con DNI núm. ***3590**, actuando en nombre y representación de CIVISGLOBAL,S.L.U con CIF B36684157, alegamos que no nos consideramos responsables de los daños que, según su propietario (D. Gabriel Lorenzo Salgueiro), ocasionamos en la persiana de su vivienda, sita en Avda. de Castela n° 40, A Illa de Arousa, durante la realización de los trabajos de limpieza de dicha calle y que, previa ejecución de los mismos, a dicho elemento ya se le apreciaban desperfectos.*

Cabe decir que, durante las labores de limpieza de la calle, sí se produjeron salpicaduras, manchas en fachada, barandilla metálica y que, una vez finalizadas dichas labores de la vía, se procedió a limpiar con productos adecuados devolviendo los elementos de la vivienda a su estado original.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- A empresa que estaba a executar as obras era CIVIS GLOBAL, S.L.
- Consultados o encargado e o xefe de obra da citada empresa, indican que o día da limpeza da rúa se produciron pequenos saltos de material á fachada da vivenda, procedendo a limpar todo e deixalo en perfecto estado, sen que se produciran danos á persiana, que xa se atopaba con pequenos desperfectos no lacado no momento de realizar a limpeza.



- Indicóuselle ao propietario que todo o dano feito se lle solucionaría e limparía, non así os desperfectos xa existentes, os cales non se lle ían reparar.
- A dirección facultativa da obra non foi informada dos supostos danos, a pesares das numerosas conversacións durante a súa execución tanto co encargado e xefe de obra da empresa adxudicataria como con diferentes responsables do Concello de A Illa de Arousa, nas que se trataron diferentes problemas xurdidos durante a realización das obras, sen que se indicase este asunto en ningunha delas.
- A empresa adxudicataria considerou arranxada a pequena incidencia coa limpeza das salpicaduras e non comunicou este asunto ó Director das obras ó considerar que os desperfectos da persiana xa existían antes de realizarse a obra e que, por tanto, non lles correspondía a eles a súa reparación.
- Nas alegacións realizadas por CIVIS GLOBAL recoñecen que se produciron salpicaduras e manchas na fachada e na barandilla metálica, as cales, unha vez finalizadas as labores da vía, procederon a limpar cos produtos adecuados, deixando os elementos no seu estado orixinal, polo que non se consideran responsables dos danos reclamados por ser previos ós traballos realizados.

Considerando.- Que o reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica dos feitos e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar o convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte o cal tanto o informe do Servizo de Infraestruturas como as alegacións da empresa adxudicataria CIVIS GLOBAL (terceiro interposto entre a Administración e o particular ó que, en hipótese, lle serían atribuíbles as consecuencias do acaecido), se constitúen coma elementos de xuízo idóneos, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.

Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual...

“...Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvención”.

De tal operación, e a teor do artigo 218 do citado texto:

“...El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso”.



Considerando.- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que ó abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle a hipotética responsabilidade no eido da xurisdición civil a empresa contratada para a execución dos traballos.

Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura nunha Sentenza considerada pola doutrina xurídica punto de inflexión entre a escueta referencia feita na Lei do Réxime Xurídico da Administración do Estado do ano 1957 e a regulación moito mais minuciosa e detallada das Leis 30/1992 e 40/2015, que dedicaron xa un capítulo específico á responsabilidade patrimonial e ás causas que quebraban a relación de causalidade, das que no presente suposto cabe destacar a atribución da responsabilidade a terceiros contratistas ou concesionarios. Así, con linguaxe meridianamente claro, veu dicir o Tribunal Supremo na súa Sentenza de data 31/07/1989 (RX 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª):

“Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

14.35483.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE CATOIRA (EXPTE.2025025267)

Dada conta que con data 21/04/2025 (núm. rex. 2025006416), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.ª Silvia Sanjurjo Constenla (S/REF. LS000525784 – 3022536153984), por danos en vehículo producidos o día 18/02/2025, a consecuencia do mal estado dunha xunta de dilatación da ponte interprovincial de Catoira (p.q. 9,900 da (E.P. 8001) de Carracedo (N-550) a Catoira (L.P. A Coruña), no Concello de Catoira, e que cuantificou economicamente en 130 €.



Resultando.- Que con data 07/07/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 17/07/2025, co seguinte contido literal:

- a) *A estrada EP-8001 Caldas-Carracedo-Catoira é de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra. Sen embargo a xunta de dilatación que está danada, que foi a que supostamente provocou o accidente, está situada na estrada DP-7206 de titularidade da Deputación da Coruña. Isto é así porque parte do viaduto interprovincial de Catoira está situado na estrada DP-7206 e parte do viaduto está na estrada EP-8001. Tal e como se pode comprobar nas fotografías adxuntas, o fito quilométrico coa inscrición 9.9 km, que se corresponde co P.Q. 9+871 da EP-8001, marca o punto final da estrada EP-8001, comezando a partir do fito a estrada DP-7206. Polo tanto a rede provincial correspondente á Deputación de Pontevedra finaliza 2 metros antes da xunta de dilatación do viaduto.*

A colocación do chapón metálico provisional sobre a xunta de dilatación danada que se ve nas fotografías, realizouno a Deputación da Coruña, xa que a conservación e mantemento desa xunta corresponde a dita Administración, ó estar situada na estrada da súa titularidade (DP-7206).

En conclusión, o punto sinalado non pertence á rede provincial de titularidade da Deputación de Pontevedra.





- b) Non se tivo coñecemento do accidente porque non se recibiu aviso do 112, polo que a brigada de Conservación da Deputación de Pontevedra non realizou ningunha saída.*
- c) A sinalización que existe actualmente no lugar do accidente son uns redutores de velocidade prefabricados e sinais verticais advertindo do perigo e limitando a velocidade máxima a 30 km/h, ditos lombos e sinais colocounos fai uns meses a Deputación da Coruña. Sen embargo, descoñécese se na data do accidente había algún tipo de sinalización advertindo o perigo.*
- d) O desperfecto débese a un estado deficiente da xunta de dilatación do viaduto situada nun treito da estrada DP-7206, de titularidade da Deputación da Coruña.*
- e) Ó non recibir aviso do 112, a brigada de Conservación da Deputación de Pontevedra non realizou ningunha saída.*

César Paredes Rodríguez
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.



Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequer a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifestamente carentes de fundamento”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

15.35484.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2025 (EXPTE.2025005752)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: *“Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2025”* e *“Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2025”* que se achegan no expediente.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Quedar enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2025*” (CSV: RYXWQR5N8O7AZ2CR) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2025*” (CSV: S6HG35V3I33MD7ZY), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordenar a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

16.35485.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA “SMARTGUIDE” PARA AS COMARCAS DO DEZA E TABELIRÓS TERRA DE MONTES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA COMPOÑENTE 14 PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (EXPTE. 2024017997)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de implantación dunha plataforma turística “Smartguide” para as comarcas do Deza e Tabeirós Terra de Montes no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia compoñente 14 Plan de sostenibilidade turística en destino.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación enviado para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea o día 28 de xaneiro de 2025 e publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 29/01/2025. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 06/03/2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración.

Recibido informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor emitido conxuntamente polo Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías e a Xefa do Servizo de Turismo Rías con CSV (TMK0XNFDMT5TYM8I), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 26/06/2025., presta conformidade ás puntuacións acadadas, sendo estas as seguintes:



Empresas Licitadoras	1.- Contidos dixitais e experiencias inmersivas (Máx 19 puntos)	2.- Cuadro de mando (Máx 6 puntos)	3.- Arquitectura da solución (Máx 4 puntos)	4.- Xestión de contidos da plataforma (Máx 4 puntos)	5.- Portal Web (Máx 4 puntos)	6.- Seguemento e xestión do proxecto (Máx 3 puntos)	Total (Máx 40 puntos)
6Tems Comunicació Interactiva SL	13,5	4,5	3	2	3	1,25	27,25
Agora Global Consulting SL	2,25	1,5	0	0	0	1,25	5
Altia SA	7	6	1	1	0	2	17
BaboonLab SL	11,75	1,5	2	1	2	0,25	18,5
Cinnia Tech SL	7,5	6	2	3	1	1,75	21,25
Dimensiona Consultoría Tecnolóxica SL	7,75	1,5	1	2	2	1,5	15,75
Ilux Visual Technologies SL	18,25	6	3	4	4	2,25	37,5
Iurban Digital Tourism SL	6,75	6	4	3	3	2	24,75
Proyectos Inmersivos SAU	10,5	1,5	1	2	0	1	16
Seeketing SL	2	1,5	2	2	1	0,25	8,75
Silicon Desarrollos Tecnológicos SL	6,5	3	1	2	1	1	14,5
Telefonica soluciones de informática y comunicaciones de España SA	11,25	4,5	3	3	2	1,75	25,5
VrEstudio SL	15	4,5	1	1	4	1,5	27



Na mesma sesión a Mesa de Contratación procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento, sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con CSV (135KS294Y2UODPEW).

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 03/07/2025, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das empresas que non alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), e clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas, sendo dita clasificación a seguinte:

Clasificación	Empresas	Puntuación total (B+C)
1ª	Ilux Visual Technologies SL (CIF B70089131)	92,552
2ª	Iurban Digital Tourism SL (CIF B93470094)	77,060
3ª	6Tems Comunicació Interactiva SL (CIF B-17.738.956)	76,035
4ª	VrEstudio SL (CIF B93364172)	72,465
5ª	Telefonica soluciones de informática y comunicaciones de España SA (CIF A78053147)	69,296
6ª	Cinnia Tech SL (CIF B60070505)	54,116

A Mesa de contratación en base á dita clasificación, propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Ilux Visual Technologies SL (CIF B70089131), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2025005746, de 07/07/2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Ilux Visual Technologies SL (CIF B70089131), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Ilux Visual Technologies SL (CIF B70089131) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2025053116, de data 17/07/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 8.173,80 € (carta de pago núm. operación 12025000142087, do 18/07/2025).



Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos, cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación ás empresas que non acadan o mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, sendo as seguintes:

- Agora Global Consulting SL (CIF B-06.665.707)
- Altia SA (CIF B-14.456.585)
- BaboonLab SL (CIF B99367294)
- Dimensiona Consultoría Tecnolóxica SL (CIF B15758717)
- Proyectos Inmersivos SAU (CIF A56276678)
- Seeketing SL (CIF B47685490)
- Silicon Desarrollos Tecnológicos SL (CIF B94062593)



2.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de servizo de implantación dunha plataforma turística “Smartguide” para as comarcas do Deza e Tabeirós Terra de Montes no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia compoñente 14 Plan de sostenibilidade turística en destino á empresa Ilux Visual Technologies SL (CIF B70089131) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

1.-Prezo ofertado correspondente ao servizo de implantación:

Importe sen o IVE: 156.092,00 €

IVE (21 %): 32.779,32 €

Importe total ofertado: 188.871,32 €

2.- Prezo ofertado correspondente ao servizo de soporte e mantemento:

Importe sen o IVE: 7.384,00 €

IVE (21 %): 1.550,64 €

Importe total ofertado: 8.934,64 €

3.- Implantación das audioguías en idiomas adicionais aos solicitados nos pregos.

Criterio	Nº idiomas (Max 3)
Nº idiomas adicionais aos propostos inicialmente no PPT (galego, castelán e inglés), para a implantación das audioguías ofertados pola empresa (que non sexan resultado dunha tradución automática)	3 idiomas adicionais

4.- Incremento dos recursos turísticos básicos a dixitalizar, ata un máximo de 5 puntos. Valorarase o incremento de recursos turísticos básicos, a dixitalizar, respecto a os propostos inicialmente no PPT (80 recursos básicos, dez por concello).

Criterio	Valor ofertado
Nº recursos turísticos básicos, a dixitalizar, a maiores dos propostos inicialmente no PPT (80 recursos básicos, dez por concello).	2 a maiores por concello



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2025 Implantación	25/433.4324.642.00.2024 (PROX. 92210004 DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	188.871,32 €
2025 Mantemento (5 meses)	25/433.4324.227.99 (PROX. 92210004 DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	1.240,92 €
2026 Mantemento (12 meses)	26/433.4324.227.99 (PROX. 92210004 DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	2.978,21 €
2027 Mantemento (12 meses)	27/433.4324.227.99 (PROX. 92210004 DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	2.978,21 €
2028 mantemento 7 meses	28/433.4324.227.99 (PROX. 92210004 DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	1.737,30€

Os importes correspondente ás anualidades 2026, 2027 e 2028 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

A distribución por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de sinatura da acta de recepción da plataforma museográfica.

O contrato será cofinanciado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU de acordo co seguinte detalle:

	Ministerio de Industria e Turismo	Fondos propios Deputación
Implantación e desenvolvemento	100% (sen IVE engadido)	100% do IVE
Soporte e mantemento		100% (IVE engadido)



Forma de pagamento:Implantación

O importe correspondente a implantación pagarase a finalización da fase de implantación.

Mantemento

O importe correspondente ao mantemento pagarase anualmente a finalización de cada ano durante o período de mantemento.

A prestación de soporte e mantemento descrito nos pregos de prescricións técnicas, dará comezo coa firma da acta de recepción da plataforma.

O servizo xestor comprobará o cumprimento dos traballos realizados de conformidade co establecido nos pregos e validará a presentación da factura electrónica.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P36000000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024017997	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A xefa do Servizo de Turismo Rias Baixas, Ruth González Reyes, (actuará asesorada dun técnico de novas tecnoloxías e unha técnica de Turismo).

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de 10 días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.



17.35486.- COMUNICACIÓN

Dar conta da sentenza, levada polo servizo de *Asesoría Xurídica* desta deputación:

SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA, DITADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 332/24, PROMOVIDO POR D. BRAIS PÉREZ REY, SOBRE MATERIA DE PERSOAL. (EXPTE. Nº 2024071573)

Dada conta que con data 16 de xullo de 2.025 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída no procedemento ordinario nº 332/24 promovidos por D. BRAIS PÉREZ REY, seguido fronte a resolución presidencial de data 27/08/24 sobre denegación ó acceso de determinada documentación solicitada polo recorrente no seno do expediente 2024053390) na que se estima a demanda declarando contraria a dereito a resolución impugnada, anulando o referido acto, deixándoo sen valor e efecto algún e ordenando á Excm. Deputación Provincial o acceso completo á documentación requirida polo demandante, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma, contra a que se pode interpoñer recurso de apelación.

18.35487.- FÓRA DA ORDE DO DÍA19.35488.- ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

